

# HESTORIAS

y

# LIENDAS

## de Castro

(Grandas de Salime)

↓ Alberto Álvarez Peña

Álvarez Peña, máis conocido polos sous amigos como Berto Peña, é un xixonés incansable, gran dibuxante y investigador da cultura popular asturiana. Ofreznos aquí dalgús datos recoyidos por él en Grandas de Salime al tempo que busca comparanzas con hestorias asomeñadas recoyidas noutros puntos d'Asturias y, mesmamente, d'Europa.



Dibuxo: ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA

A Santa Compañía

Alberto Álvarez Peña, 1996

A Santa Compañía

**E**n setembro de 1996 tuvemos a ocasión de conocer a María Rodríguez González, de 82 anos d'edá, que, anque foi nacida nel conceyo de Tinéu, viviu dende pequena nel barrio del Fondo da Vila en Castro (Grandas de Salime). Cuntóunos un feixe d'hestorias —qu'ella chamaba *adagios*— d'encantos, nubreiros, trasnos, *liendas*... das que falaban os veyos antiguamente.

As *liendas* eran us llibríos feitos a mao, moitas veces hasta mal escritos, unde vían os sitios unde taban os tesouros que deixaran os mouros. Anque ás veces a palabra *mouro* s'asimila al llatín *maurus* 'escuro', neste caso sería máis axeitado emparentallo con *Mairu* ou *Mayú*, nomes cos que se conoían a os paganos na Edá Media. En eusquera inda existe *Mairu Etxe* 'a casa del Mairu' pra chamar a os tombos ou túmulos que, en Asturias, según cunta a

xente, tamén foron feitos "polos mouros" ou "polos antigos". Como na Edá Media os paganos por escelencia eran os musulmáis, os mouros, os mairus, acabaron asimilaos.

Pois ben, había *liendas* que falaban d'un tesouro dos mouros, guardao enfrente da Fonte a Bola, nel Chao de Samartín, qu'era un coiro de xato chen de monedas d'ouro. Dicíase que dende El Chao a Velabilleiro había un tunel feito polos mouros y qu'allí deixaran enterrao un *caballero* d'ouro. A xente chegou a contratar pióis pra fer pozos buscándolo. Os veyos dicían qu'os mouros deixaran El Chao porque houbera daqué como úa guerra civil hai xa moitos anos.

Nun hai qu'esqueicer que nel Chao de Samartín, Velabilleiro y Pelóu houbo castros. As escavaciós arqueolóxicas del Chao tán dando pezas de moito interés (cerámica romana del tipo Melgar de

Tera, lanzas de ferro, un perendengue d'ouro, etc...) y en Velabilleiro tamén atoparan úa brosa de bronce. Como se pode ver, muitas das hestorias de tesouros dos mouros tein referencias arqueolóxicas a tombos, castros, etc.

Pois volvendo al Chao, allí dicíase qu'había un encanto que tía figura de muyer y aparecíase á xente. Un día salíu a úa muyer que tía us niños. El encanto tiróu a úas tixeiras al neno y encantóulo. Cuntábase que, pra Vilarmear (A Fonsagrada), úa moza que taba guardando oveyas y bois subíuse derriba d'úa pena y dixo: "*Pena, ábrete y encántate*" y a pena abríuse y tragóu a moza. Esa pena inda se pode ver y é máis estreta por baxo que porriba. Dicían que taba rodiada d'úa cadía d'ouro.

Tamén por estas terras había muitas hestorias dos *nubreiros*. Eran us homes, como se foran bruxos, que vían montaos na nube y trían a greiza. En Vilabolle tocaban as campás pra tornallos y entoncias dicían ellos: "*¿Únde descargo os machos que m'arrecentan?*", falando da nube unde vían subidos y que taba cargada d'augua.

Sabemos que en Asturias —igual qu'existiron os druidas tempestarios na Galia— houbo augures y magos que dirixían a tormenta. D'eso dá búa referencia a llouxa qu'atoparon en Carriu (Villayón) fechada alló camín dos s. VI y VIII da nosa era. Tamén sabemos que nel reinao de Ramiro I (842-850) muitos bruxos y magos morreron queimaos na fogueira ("*Magis per ignem finem imposuit*", *Crónica Rotense*). Ramón Sordo Sotres recoyeu en conceyos del oriente asturiano hestorias d'us homes que yes chaman *gurmantes* qu'esconxuran y fain tronar. Pinta que *gurmante* poda ser úa adulteración da palabra *nigromante*, qu'era como se conoía na antigüedad a úa especie de bruxos qu'adiviaban el futuro cos mortos. Noutros conceyos asturianos como en Miranda, el *nubreiro* era un demonio, quiciabes recordo dos dioses antiguos da tronada, el céltico *Taranis* ou el xermánico *Thunaer*. Úa fórmula veyá dos saxóis pra deixá-lo paganismo dicía: "*Arrenego de Thunaer, Wodan y Saxnot y de todos os demonios compañeiros sous*" (C. Lecouteux, *Diccionario de la Mitología Germánica*, 1995).

As de *trazos* eran outras das hestorias que cuntaban os veyos, anque, en dalgús conceyos occidentales, os contos del trazo son os del demo. Igual pasa nel centro y oriente asturiano col *diaño burllón* qu'encubre costumes y mitos muito máis veyos qu'a chegada del cristianismo al norte peninsular.

El trazo igual vía en figura d'animal que d'home. Era un homín pequeno y con úa pucha rubia na cabeza. El trazo subía y baxaba polas *garmalleiras* das casas. Úa vez entróu nel molín con úa varía con

lilimacos apegaos y botóuya nel llume que taba prendendo un home y díxoye: "*Ai, mía torrasada, ¿tas asada ou nun tarás? Ai, Maruxa, ¿Tu ques d'esto?*". Outra vez vía un señor de Castro d'a caballo y d'un brinco subíuse derriba el trazo. El home iba morto de medo y díxoye el trazo: "*¿Nun choras por ti, mariquisquis?*". El home contestóu como puido: "*El que mariquisquis tuvera chorase se quixera*".


Núa casa de Vilabolle andaba el trazo xugando a os bolos de noite no desván y a xente taba farta d'ouguir al trazo cantando: "*Dez, vinte...*" y mudáronse a úa casa a Malneira pero el trazo coyóu os bolos d'un brazao, foi tras d'ellos y volvió a xugar a



Castro del Chao de Samartín, en Castro (Grandas de Salime), sito chen d'encantos y liendas

os bolos no desván da casa de Malneira, cantando: "*Dez, vinte...*". Nun puderon botallo de con ellos. Úa hestoria aparecida recoyéula el folclorista Aurelio de Llano nel Palacio de San Llorienzu de Caravia (*Del Folklore asturiano. Mitos, supersticiones y costumbres*, 1922).

A *Santa Compañía* andaba de noite y dicía a xente qu'eran ánimas en pena, cousas de Dios, con velas prendidas pidindo prá misa de defuntos. A noite del día de Defuntos a xente deixaba caldeiros con augua fora das casas porque as ánimas achegábanse a beber. A mesma cousa recoyémola en Argandenes (Piloña) de boca de Casilda Espina, de 86 anos. Giner Arivau, nel sou llibro *Folklore de Proaza* (1886), cunta qu'a xente esa noite nun se deita nel xergón, deixándolo pra que descansen nél as ánimas, y que deixan a lluz encesa pra qu'as ánimas senten allí na llareira a cuntar casos. Tres d'esto pódense barruntar celebracióis antigüas del samain céltico, tamén propio del mes de novembre. Nesta festa, os mortos volvían del Outro Mundo a compartir a festa dos vivos. A cristianización del *samain* celta foi el día de Defuntos.



DIBUJO: ALBERTO ALVAREZ PESA

El Nubreiro

Cuntábase en Castro que condo úa persona iba morrer aparecíase a súa figura polos camiós. A eso chamábanye el *espírito* (é el que noutros conceyos del occidente asturiano ye chaman el *güercu*).

Tamén dicían qu'un gallo a os sete anos poñía un ovo y d'allí salía úa culobra que ye chamaban el *basilisco*. Esta hestoria atópase xa en escritos d'autores romanos como Plinio el Veyo y Claudio Eliano, autores que tiveron muita influencia nos bestiarios medievales da Europa Occidental.

Cuntáronnos qu'as crinas de caballo ou os pelos de muyer metidos en augua volvíanse culobras. Hai un feito biolóxico que pode explicar esta hestoria. Trátase d'un viermo (*Gordius* sp.) que, como careixa, pasa de parásito dentro dos escarabayos pra salir d'a-

dulto cua feitura d'un pelo llargo arrincao arrentes. Pra máis coincidencia, reproducése nel augua das fontes.

Pra curar as picaduras das culobras era bon abrir un llimaco al medio y poñello derriba da picadura. Pra eso tamén era mui melecieira a manteiga mazada el primeiro día de mayo y despóis cocida. Tamén valía pras mancaduras.

Contra el mal d'oyo das bruxas usábase el *alicornio*. Era un cacho de corno engarzado nun aro arrodiado de prata y a xente tamén lo botaba nel augua da fonte unde iba beber el gao por se taba envenenada. Col *alicornio* podían beber as vacas, que nun yes pasaba nada. Nel *Fisiólogo Griego* (s. III da nosa era) cúntase cómo a culobra bota el veleno nel augua y cómo el *unicornio* (*licorne*

en francés)  
entra

nel augua y, fendo col corno el señal da cruz, sume el poder del veleno da culobra. É un

tema medieval mui veyo. Muitas veces el mal d'oyo é el veleno da culobra, del *basilisco*, que mata cua oyuada, según os autores clásicos.

A os embruxaos col mal d'oyo afumábanlos con lloureiro bendito. Se al mocer úa vaca daba sangre y non leite, é que taba embruxada. Había qu'ir a un cruce de camiós a queimar allí us calzóis veyos d'home y nel llume botar el leite da vaca. Os calzóis postos en cruz ou afumaos con lloureiro bendito úsanse en muitos conceyos d'occidente contra el mal d'oyo. Aquí ademáis aparez el cruce dos camiós, sito unde xa Estrabón dicía qu'os ástures deixaban a os enfermos pra que foran curaos polos caminantes. A relación entre el cruce de camiós y a posterior cristianización volve a ser evidente.